

Estimadas familias:

Vistos os últimos acontecementos estamos preparándonos por un posible aumento de días de suspensión da actividade docente presencial, isto nos vai a levar un días polo que vos solicitamos paciencia e colaboración. Esta fin de semana, como puidestes observar, a páxina web do centro e a aula virtual estiveron en mantemento, polo que o que tiñamos pensado adiantar durante a fin de semana para que estivera case todo listo, terémolo que facer ao longo destes días.

Pasamos a darvos algunhas indicacións sobre como funcionaremos. Son moitas as instrucións que van, por favor, lede todo moi atentamente (e varias veces se fai falta) e logo, se precisades aclaracións chamade ó centro, pero procurade non colapsarnos con pequenas cuestións:

- **A comunicación do profesorado co alumnado:** será principalmente a través da **aula virtual, correo electrónico, páxina web e abalar móbil**. Xúntase listado detallado por cursos e materias onde se indica a forma que vai empregar o profesorado para comunicarse con vós e enviarnos tarefas.
 - A maioría dos cursos son accesibles como convidado, polo que non precisades nome de usuario e contrasinal, premedes no curso e na ventá que aparece marcamos entrar como convidado.

- **Mentras non está habilitada a aula virtual:** para traballar ao longo desta semana:
 - Lede detidamente a guía elaborada polo departamento de orientación para organizarvos da mellor forma posible estes días.
 - Repasade e estudade toda a materia do trimestre, pois as probas de avaliación do 2º trimestre non feitas, serán realizadas nada máis regresemos seguindo un calendario que publicaremos mércores día 18 de marzo.
 - Realizade as tarefas que o profesorado vos vai indicando na páxina web do centro (apartado departamentos no departamento correspondente, correo electrónico ou aula virtual).

- **Enviaremos instrucións sobre o manexo da aula virtual** para todo aquel alumnado e familias que nunca a manexaron:
 - Se alguén precisa de asesoramento ou non é capaz de entrar na aula virtual, poderá chamar ó centro (881866109-722567520 en horario de 10h a 13h), trataremos de resolver todas as dúbidas.
 - Alumnado que sabe manexar a aula virtual podería axudar a resolver dúbidas ós compañeiros.
- Para alumnado que non ten medios telemáticos para seguir as clases, poñerémonos en contacto coas autoridades para confirmar que vos podeades achegar ó centro a recoller as copias do traballo aportado polo profesorado.

Esperamos que esteades todos ben, irémosvos informando pouco a pouco trataremos de ir aclarando as dúbidas que poidan xurdir.

Graciñas pola vosa colaboración e coidádevos moito

A Dirección